

GABINETE TÉCNICO DE IGUALDADE



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

Día Internacional da Muller Rural

Coa financiación de:



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PROMOCIÓN DO
EMPREGO E IGUALDADE



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL



15 de outubro, Día Mundial da Muller Rural

Celébrase desde o ano 2008, tras a resolución 62/136, do 18 de decembro de 2007, da Asemblea Xeral de Nacións Unidas, co obxectivo de “recoñecer á muller rural pola súa contribución no desenvolvemento agrícola e rural, a mellora da seguridade alimentaria e a erradicación da pobreza rural”.

Por que este día?

Porque o día anterior é o *Día Mundial da Alimentación*. E todo o mundo é consciente do importante papel histórico das mulleres rurais na procura da alimentación. Esta conmemoración é un chamamento para poñer o foco nas necesidades e o apoderamento no ámbito económico, político e social deste colectivo, e conseguir mellorar as súas condicións de vida.

Porque, tanto nos países en desenvolvemento como nos desenvolvidos, as mulleres rurais aumentan a resiliencia climática e velan pola seguridade alimentaria das súas comunidades, intervindo en toda a cadea alimentaria, desde a produción de cultivos ata a súa distribución, pasando polo procesamento e a preparación.

Este colectivo, segundo datos da ONU, supera o 40% da man de obra agrícola, e contribúe, de maneira fundamental (sementando e labrando a terra de forma diaria), no indispensable labor de proporcionar alimentos a comunidades e nacións de todo o planeta. E, segundo datos da FAO, se tivesen acceso aos mesmos recursos que os homes, a produción agrícola incrementaríase, nos países en desenvolvemento, máis dun 3% e a diminución do número de persoas desnutridas a nivel mundial superaría o 12%.

En definitiva, estas mulleres desempeñan un papel fundamental nas economías rurais a nivel mundial, pero non teñen o mesmo poder que os homes e teñen menos ingresos (en moitos casos, o seu traballo é NON remunerado).

Ademais, deben realizar este labor enfrontándose a un contexto de cambio permanente (tecnolóxico, económico e ambiental), e a unhas normas sociais discriminatorias e con claras desigualdades de xénero.

A súa desvantaxe (con respecto aos homes do campo e as mulleres das zonas urbanas) é enorme. Enfróntanse a unha discriminación significativa no que respecta a a capacidade de decisión, a propiedade, e o acceso a recursos (créditos, material agrícola...) e mercados. Tampouco é equitativo o seu acceso á capacitación, educación, as infraestruturas ou os servizos.

E, non podemos esquecer que, no conxunto de Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), adoptados en 2015 para alcanzar, nun horizonte de 15 anos, están incluídos “*Fame cero*” e “*Igualdade de xénero*” (obxectivos 2 e 5 respectivamente).



Quedan 8 anos para alcanzar a data fixada e atopámonos, que, entre a crise climática, a pandemia do COVID e agora a guerra de Ucraína, a fame e a malnutrición seguen crescendo en moitas partes do planeta a un ritmo preocupante.

O lema para esta conmemoración en 2022:

“As mulleres rurais, clave para un mundo sen fame nin pobreza”

Pois se temos claro que son **“clave”**, apoderalas e acadar a súa igualdade real, ademais de ser xusto e necesario, é fundamental para a loita contra a fame, a desnutrición e a pobreza extrema.

Urxe:

- Unha reflexión colectiva sobre os obstáculos que atopan estas mulleres para incorporarse aos órganos de toma de decisións das diferentes organizacións do sector agroalimentario,
- Impulsar políticas destinadas a mellorar a súa situación. En todos os ámbitos.

Por todo iso, neste día dedicado ás mulleres do ámbito rural, queremos dicirlles alto e claro:

GRAZAS

Somos conscientes do voso labor, e apoiámosvos nas vosas reivindicacións.

Feliz día a TODAS!!